

NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo

2017

CSI-F
Estamos **X**ti



Orgulhoso
de ser docente



NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

ÍNDICE:

1. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL CONCURSO XERAL DE TRASLADOS PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DO CORPO DE MESTRES
2. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS XEFATURA DE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
3. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS
4. AXUDAS DE MOBILIDADES PARA O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR
5. COMISIÓNS DE AVALIACIÓN QUE ACTUARÁN NO PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS
6. SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS AXUDAS DE MOBILIDADE
7. CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E O NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS
8. CENTROS ADMITIDOS "CLUB DE CIENCIA"
9. CIRCULAR 1/2017 POLA QUE SE REGULAN PARA O 2016/2017 AS PROBAS DE CERTIFICACIÓN DAS ENSINANZAS DE IDIOMAS
10. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO DO CORPO DE SECUNDARIO
11. ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS
12. NOVIDADES DA CAMPAÑA DE RENDA 2016
13. FORMACIÓN
14. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

1. CONCURSO XERAL DE TRASLADOS PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DO CORPO DE MESTRES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Adxudicación provisional do concurso xeral de traslados para o persoal funcionario docente do corpo de mestres para o ano 2017

[Publicación da adxudicación provisional do concurso de traslados entre persoal docente do corpo de mestres convocado pola Orde do 14 de outubro de 2016 \(DOG núm. 205, do 27 de outubro\).](#)

De acordo co establecido na base vixésimo novena, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á resolución provisional no prazo de dez días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Igualmente, e no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar renuncia a súa participación no concurso.

As persoal que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderían obter destino na resolución definitiva.

O prazo para reclamacións e renuncias, é desde o día 15 ao 24 de marzo, ambos incluídos.

As ditas reclamacións e renuncias presentaranse polos procedementos ós que alude a base vixésimo segunda, podendo envíasalas, unha vez rexistradas, a:

Primaria: correo electrónico persoal.primaria@edu.xunta.es ou por fax: 881 999 241.

[Para máis información prema aquí:](#)

NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

2. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS XEFATURA DE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Adxudicación provisional do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura de departamento de orientación



De acordo co establecido na base décimo quinta, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á resolución provisional no prazo de dez días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Igualmente, e no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar renuncia a súa participación no concurso.

As persoal que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderían obter destino na resolución definitiva.

O prazo para reclamacións e renuncias, é desde o día 15 ao 24 de marzo, ambos incluídos.

[Para máis información prema aquí:](#)

3. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO ESPECÍFICO ENTRE FUNCIONARIOS DOCENTES DO CORPO DE MESTRES PARA CUBRIR PRAZAS NOS CENTROS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

[Publicación da adxudicación provisional do concurso de traslados específico para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.](#)

De acordo co establecido na base décimo sexta, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á resolución provisional no prazo de dez días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Igualmente, e no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar renuncia a súa participación no concurso.

NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

As persoal que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderían obter destino na resolución definitiva.

O prazo para reclamacións e renuncias, é desde o día 15 ao 24 de marzo, ambos incluídos.

As ditas reclamacións e renuncias presentaranse polos procedementos ós que alude a base vixésimo segunda, podendo envíasalas, unha vez rexistradas, a:

Primaria: correo electrónico persoal.secundaria@edu.xunta.es ou por fax: 981 545484.

Para máis información prema aquí:

4. AXUDAS DE MOBILIDADES PARA O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

CO NSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Axudas de mobilidades para o alumnado de ciclos formativos de grao superior de centros públicos que imparten formación profesional – programa erasmus+ ka103

Apróbanse as bases reguladoras e convócanse 36 axudas de mobilidade para o alumnado de ciclos formativos de grao superior de centros docentes públicos que imparten formación profesional e que forman parte do Consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto ka103 con múltiples beneficiarios no marco do Programa Erasmus+, durante o ano 2017.

Só poderá pedir alumnado de ciclos formativos de grao superior dos seguintes centros:

CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro - Ferrol
CIFP Coroso - Ribeira
IES Monte Neme - Carballo
IES Urbano Lugo - A Coruña
CIFP Politécnico - Santiago
IES A Pontepedriña - Santiago
IES Fraga do Eume - Pontedeume
CIFP Politécnico - Lugo
IES Ricardo Mella - Vigo
CIFP Valentín Paz Andrade - Vigo
CIFP Manuel Antonio - Vigo
IES Plurilingüe A Paralaia - Moaña

• **O prazo para solicitar as axudas remata o día 25 de marzo de 2017.**

Para máis información preme aquí:

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

5. COMISIÓNS DE AVALIACIÓN QUE ACTUARÁN NO PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 23 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a composición das comisións de avaliación que actuarán no proceso de acreditación de competencias convocado pola Orde do 28 de decembro de 2016.



Mediante a Orde do 28 de decembro de 2016 (DOG do 12 de febreiro de 2017), convócase o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais de distintas familias profesionais.

O artigo 17 da devandita orde fai referencia aos requisitos, formación e habilitación das persoas que poderán actuar como asesores e avaliadores, e o artigo 16 establece que a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará as comisións de avaliación necesarias para levar a cabo o proceso de avaliación das diferentes unidades de competencia para as cales se convoca o procedemento de avaliación e acreditación, polo que esta dirección xeral

RESOLVE:

Facer pública a composición das comisións de avaliación que actuarán no proceso de acreditación de competencias disposto pola Orde do 28 de decembro de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, que figura no anexo desta resolución.

[Para máis información prema aquí:](#)

6. SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS AXUDAS DE MOBILIDADE

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas das axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, para o alumnado do SUG que participa en Erasmus Estudos no curso 2016/2017

De conformidade co artigo 10 da orde do 14 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus +, para o alumnado do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos no marco 2016/2017,

NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

procédese á exposición das **Listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, e os motivos de exclusión.**

As persoas interesadas disporán dun prazo de reclamación de **dez días** e, durante ese prazo, poderán emendar erros e a falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, achegando **electronicamente**, a documentación necesaria accedendo á **Carpeta do cidadán da persoa interesada (modelo emenda ao requirimento)** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>

- **Prazo de presentación da documentación do 10 o 23 de marzo.**

Para máis información preme aquí:

7. CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E O NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS



Concurso de méritos para a selección e o nomeamento da Dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Xúntase a Orde do 8 de marzo de 2017 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da Dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- **Próxima publicación no DOG**
- **O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.**

Para máis información preme aquí:

8. CENTROS ADMITIDOS "CLUB DE CIENCIA"

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución provisional de centros admitidos para participar no programa piloto de innovación educativa "Club de ciencia"



Achégase a Resolución provisional do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve a participación no programa piloto de innovación educativa "Club de ciencia" para centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2016/17

Para máis información preme aquí:

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

9. CIRCULAR 1/2017 POLA QUE SE REGULAN PARA O 2016/2017 AS PROBAS DE CERTIFICACIÓN DAS ENSIANZAS DE IDIOMAS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Circular 1/2017 pola que se regulan para o 2016/2017 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 191/2007 e o Decreto 239/2008 así como a proba de certificación do nivel C1 regulada pola Orde de 8/10/2012

Xúntase a Circular 1/2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan para o curso 2016-2017 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro e o Decreto 239/2008, do 25 de setembro, así como a proba de certificación do nivel C1 regulada pola Orde de 8 de outubro de 2012.

[Para máis información prema aquí:](#)

10. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO DO CORPO DE SECUNDARIO



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Adxudicación provisional do concurso de traslados específico entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos

De acordo co establecido na base décimo sexta, o persoal concursante poderá presentar **reclamacións** á resolución provisional no **prazo de dez días naturais** contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Igualmente, e no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar **renuncia á súa participación** no concurso.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderían obter destino na resolución definitiva.

O prazo, tanto para as reclamacións como para as renuncias, é do día 8 ao 17 de marzo, ambos incluídos.

[Para máis información prema aquí:](#)

NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

11. ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas e das listaxes provisionais de persoas excluídas por non ter achegado documentación suficiente para participar no procedemento de acreditación de competencias profesionais da convocatoria 2017.

Prazo para realizar **reclamacións**: do **11 ao 15 de marzo de 2017**, ambos os dous incluídos.

[Para máis información prema aquí:](#)

12. NOVIDADES DA CAMPAÑA DE RENDA 2016

A menos dun mes do comezo da Campaña da Renda 2016 e despois dunha primeira toma de contacto coa Dirección de Recursos Humanos da AEAT, facilitóusenos un avance das principais novidades da Campaña 2016.

Os aspectos máis diferenciados desta campaña resúmense en que non houbo grandes cambios normativos dun ano para outro e que será unha realidade a implantación definitiva da Renda Web.

NOVIDADES DA CAMPAÑA DE RENDA 2016:

- Xeneralización da Renda Web.
- Primeira Campaña sen o Programa PAI.
- Novo procedemento de rectificación de auto liquidacións.
- Proba piloto, extensión do servizo telefónico mediante "chamadas saíntes". A AEAT ponse en contacto co contribuínte previa petición deste.

CALENDARIO:

ABRIL							MAIO							XUÑO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
					1	2	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4
3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
24	25	26	27	28	29	30	29	30	31					26	27	28	29	30		
5 – Inicio da Campaña de Renda. Inicio servizos Renda Web. Presentación declaracións. Inicio servizo telefónico de información.							4 – Inicio servizo cita previa 11 – Inicio campaña presencial A.T.							26 – Fecha límite domiciliación 29 – Fin concertación cita previa 30 – Fin Campaña de Renda						

NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

MELLORA NA RENTA WEB:

Melloras que afectan a descarga de datos dos rendementos do traballo, dos rendementos de capital mobiliario, de ganancias e perdas patrimoniais, das deducións de rendas obtidas en Ceuta e Melilla e reorganizase a información das deducións autonómicas por aluguer.

DESCARGA DE DATOS FISCAIS:

Novidades en descarga de datos fiscais e no DAFAS, incorporación do cruzamento coas cotizacións á Seguridade Social, con nota de advertencia de si non compren os requisitos mínimos, axudando á minoración de erros e simplificando a incorporación dos datos de maneira que en moitos casos realízase de forma automática.

OBTENCIÓN DO Nº DE REFERENCIA (PROGRAMA RENO):

Neste exercicio pedirase o NIF do contribuínte, a casilla 440 da Renda 2015 e o ÍAN no caso dos non declarantes o exercicio anterior.

PERFIL ASISTENCIA PRESENCIAL:

Límite de 65.000€ anuais en rendementos do traballo, límite de 15.000€ en rendementos de capital mobiliario e para os rendementos de capital inmobiliario co límite dun inmovible alugado. Exclúese da asistencia presencial aos contribuíntes con rendementos de actividades económicas en módulos e o resto con ganancias e perdas patrimoniais.

CITA PREVIA TELEFÓNICA:

De luns a venres de 9 a 19 horas nos teléfonos 901 22 33 44 e 91 553 00 71. Si o teléfono da plataforma está saturado pasarase unha locución que permita si o contribuínte deséxao concertar cita por VRU (Só se permitirá concertar cita, non modificar nin anular unha declaración).

13. FORMACIÓN

CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓN



CURSOS HOMOLOGADOS UNIVERSIDADE

CSI-F ofrécete unha nova oferta en cursos homologados on-line, dirixidos a opositores, funcionarios e interinos docentes, cos que podes completar a túa formación docente.

Cursos HOMOLOGADOS cunha duración de 101 horas e de 31 horas.

CURSOS DIRIXIDOS A TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS.

Completamente on-line. 24 horas, 7 días á semana.

Materiais actualizados.

Avaliación aplicada á práctica docente.

Relación directa cos titores.



NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

Duración dos cursos adaptada á normativa das distintas Comunidades Autónomas.

Certificación en 30 días.



VÁLIDOS E PUNTUABLES

como mérito en listas de interinos, bolsas de traballo e oposicións das distintas Comunidades Autónomas (segundo convocatoria de cada CC.AA., baseado en apartado III Outros Méritos do Anexo I do R.D. 276/2007).

CONVOCATORIAS MENSUAIS

Accede a toda a **INFORMACIÓN** sobre as convocatorias

14. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

Concello	Boletín	Data	Denominación dos postos	Nº	Sistema de selección	Prazo
Arteixo	BOPAC	10-M	Vixiante medioambiental	1	Ver bases	10 días hábiles
Arteixo	BOPAC	10-M	Operario de servizos M.A.	1	Ver bases	10 días hábiles
O Barco	DOG	7-M	Tco. Administración xeral	1	Oposición	20 días naturais publ. BOE
Begonte	BOPLU	11-M	Técnico P.I.E.A.T	1	Ver bases	5 días hábiles
Cangas	BOPPO	10-M	Traballador social	1	Oposición	20 días naturais
Láncara	BOPLU	7-M	Peóns servizos múltiples Monitor ocio e tempo libre	4 1	Ver bases	10 días naturais
A Laracha	BOPAC	10-M	Auxiliar policía local	3	Oposición	5 días hábiles
Miño	BOPAC	10-M	Educador familiar – A2	1	Concurso-oposición	10 días hábiles
Monforte	BOPLU	7-M	Enfermeiro/a drogodep.	1	Concurso-oposición	20 días naturais
Oia	BOPPO	6-M	Auxiliar administrativo – C2	Bolsa	Oposición	10 días hábiles

NOVAS DE ENSINO



Do 07 ao 14 de marzo de 2017

Oia	BOPPO	6-M	Técnico de turismo	2		8 días hábiles
Oimbra	BOPOU	10-M	Chofer de tractor-rozadora.	1	Concurso	4 días hábiles
O Pino	BOPAC	6-M	Tco. Admón. Xeral – A1 Traballador Social	1 1	OEP 2017	
Pazos de Bordén	BOPPO	9-M	Auxiliar administrativo	1	Concurso	10 días naturais
Pedrafita do Cebreiro	BOPLU	9-M	Albanel of. 2ª Peóns	1 2	Concurso	5 días hábiles
Riós	DOG	7-M	Administrativo	1	Concurso-oposición	20 días naturais publ. BOE
Riós	DOG	7-M	FUNCIONARIZACIÓN: Axente desenv. Local Informador xuvenil	1 1	Concurso-oposición	20 días naturais publ. BOE
Toén	BOPOU	8-M	Oficial canteiro Oficial albanel	2 1	Concurso	5 días hábiles

ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

DEFENDENDO O PÚBLICO

CSI•F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
ense15@csi-f.es

CSI•F Unión Autonómica Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
ense77@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
ense27@csi-f.es

A CORUÑA

LUGO

SANTIAGO

PONTEVEDRA

OURENSE

CSI•F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
ensino36@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ense32@csi-f.es

NOVAS DE ENSINO

